



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO CON ESTADOS UNIDOS (EEUU) PARA O CURSO ACADÉMICO 2024-25, NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A REDE *International Student Exchange Program* (ISEP)

A Universidade de Vigo participa nun programa de intercambio cos Estados Unidos a través do *International Student Exchange Program* (ISEP), no marco do acordo existente entre ambas as dúas institucións. ISEP é unha rede de universidades de todo o mundo que ten por obxectivo facilitar a mobilidade de estudantes. No caso da Universidade de Vigo, os intercambios efectúanse en réxime de reciprocidade coas distintas universidades estadounidenses que forman a rede ISEP.

En virtude deste convenio de participación en ISEP e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar prazas en réxime de concorrencia competitiva para cursar estudos dun curso completo preferentemente ou cuatrimestrais nalgunha das universidades estadounidenses que participan na rede *International Student Exchange Program* - ISEP (listaxe de Universidades participantes dispoñible en <http://www.isepstudyabroad.org/member-universities> U.S. Universities).

O número mínimo de prazas será de 5 anuais, que poderá aumentarse tras recibir a confirmación de ISEP en decembro de 2023.

2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> (Taboleiro de anuncios) e no [Portal de bolsas](https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas) (<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/bolsas>) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O REITOR

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

M^a Isabel del Pozo Triviño

Código seguro de Verificación : GEN-8a8e-3b37-56d1-59ad-d60e-0536-fb9f-6590 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

CSV : GEN-8a8e-3b37-56d1-59ad-d60e-0536-fb9f-6590

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DEL POZO TRIVIÑO | FECHA : 31/10/2023 15:57





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO ACADÉMICO 2024-2025 NO MARCO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O *INTERNATIONAL STUDENT EXCHANGE PROGRAM* (ISEP)**1. OBXECTO**

Estas axudas teñen por obxecto ofrecer ao estudantado da Universidade de Vigo a posibilidade de cursar estudos nalgunha das universidades estadounidenses que participan no ISEP (listaxe de Universidades participantes dispoñible en <http://www.isepstudyabroad.org/member-universities>) (U.S. Universities) durante todo o ano (de agosto a maio/xuño) ou durante un cuatrimestre no curso académico 2024-2025.

Cada estudante terá cubertos o aloxamento e a manutención durante a súa estadía na universidade estadounidense ou, no seu defecto, un subsidio supletorio. Non aboará taxas de matrícula na universidade receptora pero si deberá estar matriculada/o e pagar as taxas de matrícula na Universidade de Vigo no curso 2024-2025.

2. REQUISITOS**a) Requisitos académicos:**

- Estar matriculada/o en estudos de grao (*undergraduate*) no curso académico 2023-2024 nos cursos 2º, 3º ou 4º das titulacións oficiais de grao que se ofertan nos centros propios da Universidade de Vigo e nos centros adscritos de titularidade pública que non se imparten en centros propios.
- Non pode participar o estudantado de Fisioterapia e Enfermaría por corresponder a estudos de posgrao en Estados Unidos.
- No marco do programa ISEP, o estudantado da Escola de Enxeñaría Industrial só poderá realizar estudos relativos ao seu último curso de titulación.

b) Requisitos lingüísticos: estar obrigatoriamente en posesión e con vixencia do *Test of English as a Foreign Language* (TOEFL iBT) ou *International English Language Testing System* (IELTS). Non se admitirá ningunha outra acreditación lingüística de inglés. Admitiranse igualmente a trámite aquelas solicitudes que acheguen copia da matrícula no TOEFL ou IELTS para probas convocadas ata o **24 de novembro de 2024**. De non haber prazas para a realización da proba de forma presencial, o estudantado poderá realizar a matrícula no TOEFL iBT *Home Edition*.

c) Non ter renunciado, sen motivo xustificado, a unha praza aceptada na convocatoria ISEP do curso anterior.

d) Non ter gozado dunha bolsa ISEP con anterioridade.

e) Recoméndase a inclusión de 30 créditos ECTS por cuatrimestre e 60 créditos ECTS por estadía anual no contrato de estudos. Os créditos cursados a maiores dos esixidos no grao aparecerán igualmente no Suplemento Europeo ao Título (SET).





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

En todo caso, o número de créditos que se incluírá no acordo de estudos será dun mínimo 36 créditos ECTS para mobilidades anuais e de 18 créditos ECTS para mobilidades cuatrimestrais. Poderanse incluír menos créditos:

- i. Se a normativa da universidade de destino impide una matrícula de mais créditos ECTS.
 - ii. Se a normativa do centro da Universidade de Vigo o permite.
 - iii. Estudantado con discapacidade recoñecida de máis do 65%.
 - iv. Estudantado con necesidades de apoio educativo adscrito ao programa PIUNE, previo informe favorable da Comisión Técnica de Atención á Diversidade (COATEN).
- f) O estudantado matriculado en PCEOs rexerese pola normativa do centro responsable dos programas de intercambio da titulación.

3. DOTACIÓN ECONÓMICA

3.1. Cota de participación que se debe ingresar á Universidade de Vigo:

O programa ISEP finánciase a través do sistema de reciprocidade institucional. O estudantado da Universidade de Vigo estará exento do pago de taxas de matrícula en EEUU e a universidade de acollida cubrirá os gastos de aloxamento e manutención durante a súa estadía nos períodos lectivos.

O estudantado seleccionado aboará á Universidade de Vigo a cantidade de 4.500 euros, se a estadía é anual, ou 3.000 euros, se a estadía é cuatrimestral, no mes de xaneiro de 2025.

3.2. Taxas que se deben ingresar a ISEP:

a) Taxa de tramitación (*Application Fee*)

Unha vez seleccionado pola Universidade de Vigo, o estudantado aboará directamente a ISEP a taxa de tramitación de ISEP (*ISEP Exchange Application Fee*), a cal non será devolta en ningunha circunstancia, incluso no caso de que, por mor da cualificación das probas de nivel lingüístico da/o solicitante, ISEP non poida proporcionar asignación en ningunha institución do programa. O importe da taxa é de 100 dólares USA para o curso 2024-2025, segundo a información ofrecida por ISEP na páxina web <https://www.isepstudyabroad.org/planning/finances/budget-calculator>.

b) Taxa de asignación (*Placement Fee*)

No momento de ter asignada unha institución en EEUU e logo de ter aceptado o destino, o estudantado deberá aboar directamente a ISEP a taxa de asignación (*ISEP Exchange Placement Fee*), que non será devolta en ningún caso. Esta taxa para o curso 2024-2025 é de 395 dólares USA.

3.3. Pagamento ao estudantado ISEP entrante:

Coa contía percibida do estudantado da Universidade de Vigo que participe no intercambio, a Oficina de Relacións Internacionais satisfará unha parte da estadía do estudantado internacional que se recibe na Universidade de Vigo no marco do programa ISEP. A Oficina de Relacións Internacionais aboará os gastos de aloxamento e manutención do estudantado internacional





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

recibido. Aboará, ademais, os gastos dos cursos de Español organizados polo Centro de Linguas se o estudiantado decide participar.

3.4. Posibilidade de axudas complementarias:

- Bolsas do Ministerio de Educación y Formación Profesional (MEFP): as prazas ISEP son compatibles coa bolsa xeral de estudos do MEFP.
- Bolsas da Xunta de Galicia: a Xunta de Galicia publicará unha convocatoria de axudas complementarias ao estudiantado que goza dunha praza de intercambio en países extracomunitarios, compatible con ISEP.

Queda excluído desta convocatoria o estudiantado que xa recibise esta axuda en anteriores convocatorias. A solicitude tramitarase unicamente en liña, polo que o estudiantado deberá asegurarse de que dispón dos medios necesarios para presentar a solicitude estando fóra de España (certificado dixital, Chave 365 ou DNIe).

- Bolsas da Deputación de Pontevedra: como en anteriores convocatorias, existe a previsión de asinar un acordo coa Deputación de Pontevedra que permitirá financiar axudas complementarias ao estudiantado que goce de bolsas internacionais de intercambio, entre elas as do programa ISEP.

A Universidade de Vigo fará pública unha resolución de concesión de axudas ao estudiantado seleccionado pertencente aos campus de Pontevedra e Vigo, en virtude da súa condición de bolseira/o MEFP no curso 2023-24, e por orde de media de expediente ponderada ata esgotar o crédito establecido no convenio.

4. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Acceder ao Portal de estudiantado sainte a través da ligazón:

<https://uvigo.moveon4.de/form/653fac08bf6f92fff20ad5c0/spa>

O estudiantado deberá identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual.

Unha vez dentro do portal, o estudiantado deberá cumprimentar no apartado “procedementos abertos” o formulario correspondente á Convocatoria ISEP e achegar a documentación requirida.

Só se poderá presentar unha solicitude por estudante, polo que non deberán premer o botón de enviar ata revisar e asegurarse de que os datos introducidos son correctos.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e remata o **24 de novembro de 2023** (ás 23: 59 hora peninsular española).

Finalizado o proceso de selección, o estudiantado seleccionado deberá cubrir o **formulario específico** en liña de ISEP, **empregando o correo de dominio @alumnos.uvigo para acceder** e engadir no portal de ISEP toda a documentación requirida. O estudiantado deberá incluír entre 3 e 5 institucións como mínimo, que participen na modalidade de ISEP EXCHANGE. Na páxina <https://www.isepstudyabroad.org/>, o estudiantado deberá aplicar os filtros necesarios: FIELD OF





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

STUDY, UNDERGRADUATE, TOEFL SCORE, ISEP EXCHANGE, etc.
<https://www.isepstudyabroad.org/guides-and-tips/get-started/explore-youroptions>

A ligazón directa á aplicación en liña de ISEP é:

<https://www.isepstudyabroad.org/guides-and-tips/get-started/apply>.

En primeiro lugar deberase crear unha conta en *CREATE AN ACCOUNT & APPLICATION*.

Unha vez creada a conta, deberase iniciar sesión e ir a *HOW TO APPLY*, onde se seguirán as instrucións para cubrir a solicitude en liña de ISEP.

A solicitude en liña de ISEP **deberá estar cuberta completamente antes do remate do prazo establecido por ISEP para a selección do estudantado para o curso 2024-25.**

A selección das universidades norteamericanas e os estudos que cursará o estudantado son responsabilidade única da persoa solicitante.

O acceso á listaxe destas institucións e ás ligazóns correspondentes deberá facerse dende a páxina web de ISEP na sección *Find a program*: <https://search.isepstudyabroad.org/FindAProgram/Map>.

É preciso indicar nesa ligazón web de ISEP que a universidade de orixe é a Universidade de Vigo para ver toda a oferta de universidades de Estados Unidos participantes en ISEP e os seus programas de estudo, así como para poder facer unha busca concreta de institucións norteamericanas segundo criterios académicos (por grao, ou por áreas de estudo).

5. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación do formulario de presentación en liña, e unha vez examinado este e a documentación presentada, publicarase a **resolución coa listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desa resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais, mediante o procedemento **SXER- Instancia xenérica** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Unha vez revisadas as alegacións e publicada a **resolución coa listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas**, a Comisión de Selección realizará a selección pola orde de expediente segundo o seguinte criterio:

- Nota media do expediente académico a 30 de setembro de 2023 ponderada pola media da titulación

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Amelia Rodríguez Piña, coordinadora ISEP na Universidade de Vigo

Secretaria: Rebeca Cofán Pereiras, xefa de negociado da Oficina de Relacións Internacionais

Vogal: Ana María Pérez López, xefa de área da Oficina de Relacións Internacionais





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Efectuada a selección, publicarase a resolución coa listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, dirixidas á Oficina de Relacións Internacionais, mediante o procedemento **SXER- Instancia xenérica** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>).

Revisadas as alegacións pola Comisión e efectuada a selección definitiva, a ORI elevará a proposta de resolución definitiva de persoas candidatas seleccionadas e en lista de agarda, se procede, á vicerreitoría de Internacionalización para a súa publicación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications/> e no portal de bolsas da web da Universidade de Vigo e na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudiantes-saintes>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

6. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán aceptar a praza na plataforma ISEP, unha vez que teñan confirmado o destino, respectando os prazos indicados por ISEP. **De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia á praza.**

Toda renuncia a unha praza xa aceptada con anterioridade deberá presentarse por escrito a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) polo procedemento **SXER- Instancia xenérica**.

7. INFORMACIÓN ADICIONAL

Pódense consultar os vídeos sobre programa ISEP na seguinte ligazón:

<https://tv.uvigo.es/searchmultimediaobjects?search=isep&tags%5B%5D=&duration=&type=&language=&year=2018>

8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- Aboar as taxas que se establecen no punto 3 desta convocatoria nos prazos indicados ou ben por ISEP ou ben pola Universidade de Vigo.
- Realizar os trámites de matrícula correspondentes na Universidade de Vigo durante o curso 2024-2025, estando exentos de pagamento as taxas na universidade de destino.





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- Entregar na ORI a seguinte documentación para xustificar a duración da súa estadía:
 - **AO INICIO DA ESTADÍA:** certificación de chegada conforme ó modelo que lle será entregado na ORI.
 - **AO REMATE DA ESTADÍA:** certificado de realización da estadía. Para ser válido, este certificado deberá ser asinado pola persoa que coordine ISEP na universidade de acollida e incluíra o selo oficial da devandita institución ou ser asinado con certificado dixital. Deberá ser enviado ao finalizar a estadía por correo electrónico a outgoing.ori@uvigo.gal, sen alteracións nin riscaduras. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real.
- Cumprimentar e enviar a enquisa de avaliación da estadía seguindo as indicacións de ISEP.
- As persoas seleccionadas deberán elaborar un contrato de estudos en colaboración coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro ou da persoa encargada da súa titorización. Este contrato deberá elaborarse antes do inicio do prazo de matrícula para o curso 2024-2025. No caso de modificacións do contrato, estas deberán facerse no primeiro mes de cada cuatrimestre na universidade de destino. **Se as modificacións inflúen na matrícula efectuada na Universidade de Vigo no curso 2024-2025, o estudiantado deberá notificalo á área académica do seu centro na Universidade de Vigo unha vez aprobado o contrato polo persoa responsable de relacións internacionais do centro da Universidade de Vigo. O/a estudante será o/a responsable último/a da elaboración, modificación e aceptación do contrato de estudos e da súa presentación na área académica a través dos medios estipulados a tal efecto.**
O persoal da Oficina de Relacións Internacionais non ten competencias na xestión dos contratos de estudos unha vez creados.
- Tras a aceptación do destino, o estudiantado seleccionado deberá subscribir en liña o seguro médico obrigatorio do ISEP. O custo deste seguro, segundo a información facilitada por ISEP na súa web, é de **95 dólares USA** ao mes no curso académico 2023-24, contía que pode variar para o curso 2024-2025.
- Tramitar o seu visado coa Embaixada dos Estados Unidos de América en Madrid e asegurarse das condicións deste, sobre todo no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia permanente en España.

9. SINATURA DE DOCUMENTOS

Os documentos que precisen ser asinados polo estudiantado nesta convocatoria deben asinarse dixitalmente co DNI electrónico ou co certificado de persoa física emitido pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre. Recoméndase consultar o [manual para a obtención do certificado de persoa física](#).

10. USO DO CORREO INSTITUCIONAL E CONTACTO COA ORI

O estudiantado deberá utilizar sempre o correo do dominio @uvigo para dirixirse á ORI e seguir as normas de uso de correo electrónico que se publicarán xunto a esta convocatoria no Portal de bolsas. O estudiantado deberá dirixirse sempre a outgoing.ori@uvigo.gal para todos os temas relacionados con esta convocatoria e a súa estadía.





ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

11. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](https://portalde.bolsas.es/)

